

[Desconcerto Cultural](#) recibe o outono recuperando o [Ciclo Placeres Ocultos](#), baixo o que se agochan unha serie de interesantes propostas musicais destinadas aos oídos máis inquietos. Así, antes de que remate o ano, poderemos gozar en **Santiago de Compostela** de tres concertos moi diferentes entre si, mais coa calidade como nexo de unión.

Os escollidos para o retorno do ciclo son Library Tapes e Gareth Dickson, que prenderán a mecha no **Kunsthalle** o domingo 28 de outubro. [Library Tapes](#) é o sobrenome tras o que se refuxia o pianista sueco **David Wenngren**, que dende o 2004 foi editando unha serie de discos maravillosos en selos como **Make Mine Music** ou **Auetic**. A música de Library Tapes semella rodeada dun silencio indeleble que acompaña tenuemente as sutís notas de piano, base sonora en que se asentán as súas composicións. A achega de gravacións de campo dota a maioría das súas obras dun halo bucólico que evoca os momentos invernales máis cálidos ou paseos por bosques infinitos. O seu son emparentouse co doutros compositores actuais como **Max Richter**, **Phillip Glass** ou **Eluvium** e en ocasións lembra as obras minimalistas de **Erik Satie**. Destacan as súas colaboracións con outros membros importantes da actual escena neoclásica, como **Nils Frahm**, **Danny Norbury**, **Peter Broderick** ou **Julia Kent**.

Ese mesmo serán contaremos tamén con **Gareth Dickson**, intimista cantautor escocés que leva desenvolvida unha intensa carreira dende a publicación do seu primeiro álbum *Spruce Goose* alá polo 2005. A elegancia das súas composicións, cheas de arpejos intrincados e estruturas complexas, complementase cunha voz delicada que transporta o espectador ata paisaxes tranquilas e vulnerables. Como guitarrista habitual das xiras de **Vashti Bunyan**, o seu estilo conecta coa tradición folk inglesa dos anos setenta, con referentes tan básicos como **Nick Drake** ou **Bert Jansch**.

O seu traballo máis recente, *Quite A Way Away*, publicado este ano polo selo **12K**, sitúao nunha nova vangarda de músicos folk dispostos a rexuvenecer dalgún xeito este xénero e levalo cara a ambientes diferentes.

O ciclo continúa os primeiros días de decembro ao abeiro da Casa das Crechas co concerto de [Little Wings](#), proxecto musical de **Kyle Field** (tamén debuxante, deseñador, creativo a tempo completo), un auténtico diamante musical con cancións que son unha invitación ao abraio e á marabilla. A música do de **California** emparenta tanto co son atemporal de **Bill Callahan** ou **M. Ward** como coa heterodoxa galaxia que orbita arredor do xa mítico selo **K Records**, que, non por casualidade, no 2007 publicou o extraordinario *Soft Pow'r*; para unha inmensa minoría, un cénit do pop, do folk e do soul da década pasada.

No noso país semella que a súa popularidade alzou o voo, sobre todo, a raíz da publicación no 2011 de *Black Grass*, un traballo que, sen renunciar á fragilidade e á delicadeza características de Little Wings, gañou en espesura e riqueza. Con recompilacións publicadas por revistas de referencia e actuacións confirmadas no **Primavera Club**, Desconcerto Cultural ofrece a oportunidade de gozar de Little Wings no seu hábitat natural: a distancia curta, a intimidade de alcoba ou confesionario, da que xorden a voz inconfundible de Field e as súas elegantes cancións, ora luminosas, ora dolorosas.

Para pechar o ciclo neste 2012, dificilmente se podería contar cunha banda máis explosiva. Dende San Francisco chegan [The Soft Moon](#), cuarteto liderado por **Luis Vasquez**,

quen, tras pasar boa parte da súa mocidade no deserto de **Mojave**, lle deu forma ao que sería o seu álbum de debut, editado no 2010 polo selo neiorquino **Captured Tracks**. Recollendo como ninguén o legado de **Joy Division** e claramente influenciado por outras bandas británicas daquela época como **Bauhaus** ou os **The Cure** da era *Faith*, **The Soft Moon** conseguen transmitir unha deliciosa sensación de inquietude propiciada por uns baixos tempestuosos, voces rumorosas, sintetizadores hipnóticos e uns sórdidos efectos de son que dotan a súa música dunha faceta tan experimental como escura.

Coñecidos polo seu envolvente directo, onde logran crear unhas atmosferas densas e asfixiantes, en parte grazas a unhas magníficas proxeccións visuais, durante o último ano fascinaron nos principais festivais europeos e norteamericanos, como **La Route du Rock**, **ATP**, **SXSW** ou **Primavera Sound**. O 9 de decembro terémolos na **Zona C** de Santiago presentando o seu flamante novo disco, *Zeros*, na que seguro vai ser unha das últimas oportunidades para desfrutar de **The Soft Moon** nunha sala de aforo reducido.



Library Tapes + Gareth Dickson

28/10/12 | Kunsthalle | 20:30

Web: [L.T.](#) | [G.D.](#)

Audio: [L.T.](#) | [G.D.](#)

Video: [L.T.](#) | [G.D.](#)

Fotos Hi-Res: [L.T.](#) | [G.D.](#)



Little Wings + Nico Roig

04/12/12 | A Casa Das Crechas | 20:30

Web: [Personal](#) | [Discográfica](#)

Audio: [Spotify](#)

Video: [1](#) | [2](#)

Fotos Hi-Res: [1](#) | [2](#)



The Soft Moon

09/12/12 | Zona C | 21:00

Web: [Oficial](#) | [Facebook](#)

Audio: [Soundcloud](#) | [Spotify](#)

Video: [1](#) | [2](#)

Fotos Hi Res: [1](#) | [2](#)

Entradas á venda en desconcertocultural.ticketea.com ou **A Tenda Reixa**.

Asociación Desconcerto Cultural

email ciclo: placeresocultos@desconcertocultural.com

email general: info@desconcertocultural.com

www.desconcertocultural.com